

## Casas de Oficios

Centros de aprendizaxe e de animación do emprego xuvenil de carácter temporal, con implantación, principalmente, nos núcleos urbanos. A aprendizaxe e cualificación alternanse cun traballo produtivo, en actividades relacionadas:

- Co mantemento e coidado de contornos urbanos ou do medio ambiente.
- Coa mellora das condicións de vida nas vilas e cidades a través da dotación de servizos sociais e comunitarios.
- Calquera outra actividade pública ou social relacionada co seu contorno, que permitan a súa inserción laboral, recuperando, ao mesmo tempo, oficios artesanais ou tradicionais, preferentemente mediante a incorporación de novas tecnoloxías.

### REQUISITOS:

- Persoas entre 16 e 24 anos. No caso de persoas discapacitadas non existe límite de idade.
- Inscritas na oficina de emprego
- Ser español ou membro da Unión Europea (ou Espazo Económico Europeo), ou traballador non comunitario en posesión de autorización de residencia / traballo en vigor
- Non estar imposibilitado para o traballo

### CONCEPTO:

- Medida activa de fomento do emprego
- Programa público mixto ( formación/ emprego )
- Finalidade:
  - Mellorar ocupabilidade
  - Facilitar inserción no mercado de traballo.

### DURACIÓN:

- 12 meses.

### PROMOTORES:

- Entidades locais e os seus organismos autónomos.
- Entidades sen ánimo de lucro.

## **METODOLOXÍA FORMATIVA:**

- Aprender traballando.

## **ITINERARIO FORMATIVO:**

- 1ª Fase: (6 meses) Formación profesional ocupacional. Alumnos.
- 2ª Fase: (6 meses). Prácticas e traballo real. Contrato para a formación. Traballadores.

**NOTA:** O contrato para a formación realízase ata os 21 anos pero faise unha excepción nas Casas de Oficios nas que se pode realizar este tipo de contrato ata os 24 anos ou sen limitación de idade no caso de persoas discapacitadas..

## **FORMACIÓN COMPLEMENTARIA:**

- Información sobre técnicas de busca de emprego e orientación laboral
- Formación sobre autoemprego e creación de pequenas empresas
- Módulo de sensibilización medioambiental
- Módulo de alfabetización informática
- Formación en prevención de riscos laborais
- Módulo de sensibilización na igualdade de xénero

## **RETRIBUCIÓN:**

- 1ª Fase: 6,01 euros diarios
- 2ª Fase: 75 % do SMI (Salario Mínimo Interprofesional).

## **TITULACIÓN E DIPLOMAS:**

- Certificado da entidade promotora: horas, módulos, competencia adquirida.
- Diploma da consellería.

## **APOIO POSTERIOR:**

- Asistencia técnica: 6 meses.
- Inserción laboral: 6 / 12 meses seguimento.

## **OUTRA FORMACIÓN:**

- Educación compensatoria: ESO.



Concello de Camariñas  
A Coruña



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR



SERVIZO PÚBLICO  
DE EMPREGO  
DE GALICIA



## COMO SE SOLICITA?:

Solicítase na **Oficina de Emprego** como servizo. É importante ter en conta que os servizos se eliminan a finais de cada ano polo que deben solicitarse en tódolos anos nos que unha persoa estea interesada en participar na Casa de Oficios.